



4.- A construción do Estado liberal (principios do liberalismo e diferenzas entre as familias políticas da época)

Entre 1808 e 1833 España viviu un proceso histórico caracterizado polo enfrontamento entre dous modelos políticos e ideolóxicos: **absolutismo e liberalismo** cun dominio do primeiro. A guerra civil aberta en España polo carlismo ante a sucesión de Fernando VII, a denominada primeira guerra carlista (1833-1839), propiciou que o liberalismo finalice co seu ostracismo e se converta no principal apoio da rexente María Cristina de Borbón para garantir que o trono español recaia na súa filla Isabel.

O **carlismo** defenderá o dereito ao trono de España por parte de Carlos María Isidro de Borbón, irmán de Fernando VII e os seus descendentes. Baixo a bandeira carlista agruparanse os partidarios do absolutismo, contrarios á ideoloxía e as reformas liberais e defensores da monarquía absoluta, a relixión católica, os privilexios de nobreza e igrexa e os fueros e leis tradicionais. O lema *Deus, patria, rei e fueros* será defendido en importantes áreas do norte de España por grupos da pequena nobreza rural, o clero e o pequeno e mediano campesinado

O liberalismo foi a expresión ideolóxica dos intereses da burguesía, convertida no século XIX, no grupo hexemónico da sociedade debido ao desenvolvemento do comercio e a revolución industrial. O seu dominio social vai parello ao triunfo das revolucións políticas liberais. Defende un novo concepto do poder e da sociedade baseado na liberdade, igualdade xurídica, limitación da autoridade e división tripartita do poder: executivo (Goberno), lexislativo (Cortes) e xudicial (Tribunais). Defende a participación política dos cidadáns para a elección de representantes nas Cortes ou Parlamento, que se considera o depósito da soberanía nacional. Todo este sistema político está sustentado no imperio da lei que ten na Constitución a lei suprema fundamental.

O liberalismo non só é filosofía política; en economía (partindo das ideas de Adam Smith) defende a propiedade privada individual, considerada como un valor absoluto, a liberdade económica e de empresa baseada na libre iniciativa individual sen intervención do Estado nos asuntos económicos e o libre xogo da oferta e da demanda como mecanismo xerador da riqueza e regulador das actividades económicas.

O liberalismo foi unha ideoloxía revolucionaria que pronto se dividirá en dúas correntes en función do criterio de participación política da poboación: **o liberalismo doutrinario e o liberalismo democrático**.

O **liberalismo doutrinario** foi a corrente maioritaria en España e Europa ata mediados do século XIX. Xurdiu como reacción ante os excesos revolucionarios e o temor dos grupos económicos poderosos de perder a súa posición hexemónica na sociedade. Os trazos que o definen son: monarquía constitucional, soberanía compartida entre o rei e as Cortes, restricción da participación política (o dereito ao sufraxio debe ser restrinxido, reservado únicamente a aqueles que posúan un determinado poder económico, e dicir o sufraxio censatario), limitación dos dereitos individuais e catolicismo de Estado.





En España, a posta en práctica do liberalismo doutrinario tamén experimentou unha escisión entre os **moderados** e os **progresistas**.

Os **moderados** asumiron plenamente os principios do liberalismo doutrinario, exerceron máis tempo o poder e contaron coa predilección dos monarcas españois e o apoio dos grupos poderosos da sociedade. Eran partidarios dun férreo control do poder municipal por parte do goberno, limitaron as liberdades civís e eliminaron a Milicia Nacional. A ideoloxía dos moderados plasmoste na Constitución moderada de 1845 e o seu concepto de estado uniforme, centralizado e de orde desenvolveuse na lexislación creada na coñecida como década moderada do reinado de Isabel II (1844-54). O seu principal líder neste período será o xeneral Naváez. Fronte a este dirixente, xurdirá a mediados do reinado de Isabel II o xeneral O'Donnell, que rexirá os destinos do país a finais da década dos 50 e comezos dos 60. O Donnell buscará crear un partido de centro, denominado Unión Liberal, que seguirá as liñas mestras do moderantismo.

Os **progresistas**, en cambio, reclamaban a primacía das Cortes sobre o rei, un maior grao de descentralización municipal, unha interpretación máis ampla das liberdades, en especial a de prensa, e unha maior liberdade de culto dentro do estado confesional. Os progresistas gobernaron durante cortos períodos de tempo (Mendizábal entre 1835 e 1836, Espartero na rexencia entre 1840 e 1843 e no bienio progresista entre 1854 e 1856), e para chegar ao poder deberon recurrir a revoltas e pronunciamentos. A ideoloxía política dos progresistas plasmarase na Constitución progresista de 1837 e na Constitución *non nata* de 1856. Impulsaron reformas económicas como as desamortizacións de Mendizábal, Espartero e Madoz ou a lei de ferrocarrís de 1855.

A crecente moderación dos progresistas provocou unha disidencia dos mesmos, xurdiron así os **demócratas** en 1840. Constituían unha minoría radical, dividida a súa vez entre os **partidarios da monarquía** e os **partidarios da república**.

O **liberalismo democrático** defendía a soberanía popular como principio básico sobre o que debían asentarse todas as institucións políticas, a participación popular mediante sufraxio universal masculino para maiores de 25 anos, ríxida separación de poderes, unha ampla carta de dereitos e liberdades aos que consideran inalienables e inherentes á natureza humana, un goberno como froito da vontade popular, liberdade de cultos e separación da Igrexa e Estado. Nestes principios inspirouse a Constitución de 1869, tras a Revolución Gloriosa que expulsou do trono a Isabel II en 1868. Unha constitución que inaugura en España a **monarquía parlamentaria** co reinado de Amadeo de Saboia, onde o rei reina, pero non goberna. O republicanismo aproveitou o fracaso do curto reinado de Amadeo de Saboia para proclamar a **1ª República**, plantear a discusión do modelo territorial e reivindicarse como o sistema verdadeiramente democrático.

